



De seguido infórmolle dos acordos, da sesión ordinaria do Consello de Goberno que tivo lugar, o luns, día 27 de xuño de 2005, na Sala de Xuntas da ETS de Enxeñeiros de Telecomunicación que poden ser do seu interese.

- * Aprobación do calendario escolar para o curso 2005/06.
- * Aprobación da proposta sobre a concesión de premios extraordinarios de doutoramento (ámbito humanístico) presentada polo Tribunal nomeado ao efecto.
- * Aprobación das bases do concurso público para a contratación de axudantes, profesores axudantes doutores e profesores asociados para o curso académico 2005/06.
- * Acordo sobre a retribución dos profesores contratados doutores para o curso 2005/06.
- * Renovación da comisión de servizos a Dna. Pilar Abad Romero e D. Marco Villagómez Cebrián nas Universidades de Barcelona e Carlos III respectivamente. Concesión da comisión de servizos a D. Antonio Gallardo Correa na Universidade Pablo Olavide e a D. Jesús Rodríguez Márquez no Ministerio de Economía y Hacienda.
- * Aprobación da convocatoria de prazas e bolsas de aloxamento para estudantes da Universidade de Vigo.
- * Declaración institucional de apoio académico aos deportistas de alto nivel.
- * Desestimación do recurso de alzada contra a non admisión a trámite da solicitude de avaliación curricular presentado por Dna. M^a Jesús González González nas materias de Economía Española mundial e Dirección Comercial 2.
- * Aprobación da proposta de seguimento do rendemento escolar do alumnado da Universidade de Vigo.
- * Aprobación dun documento sobre a organización dos estudos de posgrao na Universidade de Vigo.
- * Aprobación do cambio de nome da Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB de Vigo.
- * Aprobación do envío ao Consello Social da proposta de creación da Sociedade Xestora CITEXVI.
- * Aprobación do regulamento de réxime interno da Facultade de historia.
- * Aprobación dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia e as universidades galegas – Convenios de colaboración entre a Universidade Internacional Menéndez Pelayo e a Universidade de Vigo, Caixanova, o Concello de Pontevedra e a Deputación de Pontevedra – Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e ordenación universitaria e as tres universidades galegas – Convenios marco e específico de colaboración coa Universidade FIB (Brasil)– Convenio específico coa Universidade Federal do Paraná (Brasil) – Convenio marco de colaboración coa Pontificia Universidade Católica do Paraná (Brasil) – Convenios marco e específico de colaboración coa Universidade Autónoma de Manizales – Convenio marco e protocolo coa Universidade Técnica de Lisboa – Convenios marco e específico de colaboración coa Pontificia Universidade Católica do Río de Xaneiro (Brasil) – Convenios marco e específico de colaboración coa Universidade Católica do Uruguai – Convenios marco e específico de colaboración coa Universidade Nacional do Litoral (Arxentina) – Convenio marco de colaboración coa Universidade de Monastir (Tunicia).
- * Cóbrense as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno:
 - Comisión de planificación e asuntos económicos:
Sector PDI: D. Miguel Angel Nombela Castaño
 - Comisión de organización académica e profesorado:
Sector PDI: Dna. Dolores Troncoso Durán

Vigo, 28 de xuño de 2005
A Secretaria Xeral

M^a Teresa Iglesias Randulfe